



REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REXISTRO DO CENTRO DE ATENCIÓN AO CIDADÁN (DR. TEIXEIRO)
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 07/11/2018 12:29:30

ENTRADA 24532 / RX 2715613



Sra. Directora Xeral de Patrimonio Natural
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
Xunta de Galicia

ASUNTO: Anuncio do 19 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, polo que se acorda someter ao procedemento de información pública o proxecto de decreto polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural Serra da Enciña da Lastra (DOG nº 184 do 26/10/2018).

D. Serafín J. González Prieto, en nome e representación da SGHN na súa cualidade de Presidente da asociación, fai constar os seguintes

COMENTARIOS, ALEGACIÓNS E SUXERENCIAS

1. Non é comprensible nin admisible o “anonimato” do documento sometido a participación pública pois hai uns meses a mesma Dirección Xeral de Patrimonio Natural someteu igualmente ao trámite de participación pública o borrador do PRUX do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas no que constaban claramente as identidades dos redactores do documento e do persoal da Dirección Xeral de Patrimonio Natural que avalaron este documento e promoveron a súa tramitación.
2. O índice e a numeración dos capítulos non seguen unha orde lóxica, como por exemplo no apartado 1.5. Diagnose. Prognóstico e potencialidades. Deberían ser revisados convenientemente para que a estrutura do documento teña unha secuencia lóxica e perfectamente entendible por calquer lector.
3. A extensión dos capítulos non garda coherencia co agardable nun PRUX. Así, ao plan de emerxencias, que inclúe información copiada e pegada dos plans de protección autonómicos e provinciais, adícanse 42 páxinas, case tanto como á diagnose do Parque Natural (50 páxinas), e moito máis do empregado para a normativa zonal (22 páxinas), ou as medidas e normativa por compoñentes e actividades (25 páxinas). Sen subestimar a importancia de que o Parque Natural conte cun plan de xestión de emerxencias, éste non pode constituir unha cuarta parte do PRUX, un documento coa finalidade principal de establecer un modelo de xestión que contribúa a alcanzar os obxectivos de conservación e ordenación do espazo ao abeiro dos criterios establecidos nas normativas de conservación do patrimonio natural e da biodiversidade.
4. Memoria
 - a. A cartografía aportada ten unha calidade lamentable, impropia dun PRUX. Non permite visualizar con claridade o contorno do espazo, as diferentes zonas ou os elementos territoriais incluídos no mesmo. Falta unha cartografía (aínda que sexa sintética, e non é preciso que vaia a tamaño A0) con unha calidade mínima, que permita ler os rótulos da toponimia, apreciar os límites do espazo e os contornos físicos.
 - b. Algúns apartados non inclúen información actual, e continúan replicando referencias clásicas que na actualidade están moi superadas. Un exemplo claro é o da xeoloxía, que non inclúe apenas ningunha novidade nos textos que no seu día formaron parte do PORN aprobado no ano 2002, de xeito que este apartado no PRUX é un copia e pega dos parágrafos escritos hai xa 16 anos.
5. Medidas de xestión
 - a. As citas e referencias aos diferentes artigos de aplicación da normativa de conservación do patrimonio natural e da biodiversidade deberían facerse correctamente, incorporando as actualizacións e modificacións máis actuais. Sirva como exemplo a cita reiterada (e incorrecta) ao artigo 45 da Lei 42/2007, con respecto ás condicións que deben rexer sobre os plans, proxectos e actividades que poidan causar unha afección significativa dos compoñentes naturais, que en realidade na actualidade



é ao artigo 46 (xa que a Lei 42/2007 viu modificada a numeración do seu articulado pola Lei 33/2015), que tamén aparece citado noutras tantas ocasións. Deberíase, por tanto, adecuar a cita ao devandito artigo, uniformizando e empregando a numeración correcta e actualizada.

- b. Ademais, o PRUX en varios apartados cita normativas que na actualidade ya se atopan derogadas (DC 85/337/CEE, Real Decreto Lexislativo 1/2008, Real Decreto 263/2008, etc.), tanto no articulado de todo o apartado normativo, ou mesmo no apartado 4.1.2.1. das medidas e normativa xeral, onde teóricamente se relaciona a "*principal normativa sobre a que se estrutura o PRUX*". Deberían consignarse as disposicións que as substitúen. Dá a impresión que se tomou o listado de disposicións normativas de vellos documentos de planificación doutros espazos (por exemplo do PORN Baixa Limia-Xurés do ano 2008, http://www.ibader.gal/download.php?f=PORN_PNAT_XURES_08-39.pdf). Unha revisión actualizada das disposicións normativas en vigor indica que a equipa de traballo posúe a axeitada formación, experiencia e capacidade para a redacción dun PRUX no ano 2018, onde sexa capaz de revisar e actualizar a normativa que rexe o ámbito do PRUX, incorporar a información científico-técnica máis actualizada e axeitada, elaborar cartografías de precisión para inventariar os valores naturais, ou propoñer medidas de xestión acordes aos valores albergados e os obxectivos prefixados.
6. Normativa por compoñentes. Debería revisarse prestando unha especial atención a que as referencias a normas que atinxen ás diferentes categorías de zonificación, debería incluírse na normativa zonal (apartado 4.3.), e non na normativa de compoñentes. Así, a prohibición da escalada na Zona I (Zona de Reserva) aparece no apartado 4.2.3.6. (páxina 112), e isto leva a confusión. Deste xeito, debería ser trasladada ao devandito apartado 4.3., da normativa zonal, onde na Zona de Reserva aparezan claramente as prohibicións necesarias para garantir o mantemento nun estado de conservación favorable dos afloramentos calcarios do Parque Natural.
7. Resulta inadmisíbel nun Parque Natural que non se atopen prohibidas, e si "*suxeitas a autorización do organismo autónomo competente en materia de Patrimonio Natural*", as seguintes actuacións do punto ii) da normativa xeral do apartado de usos agropecuarios que supoñen unha merma significativa do estado de conservación dos hábitats e as especies de interese:
 - a. Os cambios de usos que supoñan a desaparición ou diminución significativa do estado de conservación (diminución da superficie, modificación da estrutura, cambios nas funcións ecolóxicas) dos tipos de hábitats de interese comunitario ou dos hábitats das especies de interese para a conservación.
 - b. A eliminación de sebes e bosquetes nas áreas de aproveitamento agrícola ou gandeiro.
 - c. A fumigación con equipos aéreos, que necesitará unha adecuada avaliación das súas repercusións sobre os hábitats naturais e sobre as especies de interese para a conservación.
 - d. A liberación no medio natural de organismos modificados xeneticamente.
 - e. O depósito de lodos de depuradoras industriais ou urbanas, así como o seu emprego como fertilizantes ou emendas dos solos agrícolas.
8. Quedou sen traducir ao galego o punto iv) da normativa xeral do apartado sobre Usos forestais: "*iv. El organismo autónomo competente en materia de Patrimonio Natural fomentará las medidas necesarias para efectuar la transformación de formaciones de especies alóctonas, especialmente de pinos (Pinus spp) y acacias (Acacia spp.), en formaciones naturales con el fin de recuperar la naturalidad de los hábitats de interés comunitario*".
9. No programa de actuacións inclúense medidas que son contrarias ao Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia (Decreto 37/2014), o cal reviste unha especial gravidade xa que a maior parte do Parque Natural se inclúe na ZEC/ZEPA Serra da Enciña da Lastra (ES1130009). Incluso o programa contempla medidas que son contrarias ao disposto noutros apartados do propio PRUX, xa que o desenvolvemento destas actuacións constituirían unha afección significativa sobre os compoñentes naturais. Un exemplo é a medida vi) do Programa 1 que dispón que para o desenvolvemento de medidas correctoras dos bosques aluviais, levarase a cabo a "*limpeza dos leitos*". Esta medida resulta incoherente coa normativa do



Plan Director (Artigo 43.5.b), no que se dispón que a alteración dos cursos, cauces e ribeiras, así como a modificación apreciable do réxime das augas, son "*actuacións que poden afectar de xeito apreciable ao estado de conservación*", é dicir, contrarias ao artigo 6 da DC 92/43/CEE e do artigo 46 da Lei 42/2007 (modificada pola Lei 33/2015). Incluso o mencionado apartado do programa de actuacións é contrario á normativa do mesmo documento do PRUX, que no seu Apartado 4.2.2. (Augas continentais, Normativa xeral, páx. 75), dispón claramente que "*Prohíbese a alteración dos cursos, leitos e ribeiras, así como a modificación significativa do réxime das augas*".

10. Estimación económica:

- a. A estimación económica do PRUX prevé un gasto anual de 118.000 € para os vindeiros 6 anos. Isto supón unha previsión de gasto anual por unidade de superficie do espazo de 37 €/ha. Esta cifra resulta insuficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos de conservación e xestión do Parque Natural, xa que no escenario natural considérase que os custos necesarios para a xestión dos valores debería atoparse entre 70 (real) e 114 (desexable) €/ha. É dicir, o gasto previsto no PRUX é un 53% do gasto medio que se ven facendo nos espazos protexidos de España, e representa soamente un 32% dos valores desexables establecidos na bibliografía de referencia na materia.
- b. Resulta curioso, ademais, que nesta estimación de custos non se inclúe ningunha imputación dos salarios do persoal adicado á xestión e dirección do Parque Natural, dende os Axentes Medioambientais, técnicos da administración, ou mesmo a Dirección do espazo. Isto pode deberse a que en realidade a Xunta de Galicia non pode prever que se vai a destinar unha carga de traballo por parte do persoal propio durante os 6 anos de vixencia do PRUX, debido ao progresivo desmantelamento que foi sufrindo a Dirección Xeral de Patrimonio Natural, na cal se eliminaron todos os directores dos Parques Naturais, substituíndoos por unha figura de Director dos Parques Naturais, que dende o seu despacho en San Lázaro (Santiago de Compostela) dificilmente pode levar a cabo unha xestión satisfactoria da Rede de Parques Naturais.
- c. Non se aporta, para o cálculo desta estimación económica, unha revisión das reunións da xunta consultiva, na que se poña de manifesto as necesidades, retos na xestión (actuais e futuros), problemas de conservación, conflitos, etc. Isto permitiría establecer un programa de actividades máis real e axeitado co ámbito territorial do Parque Natural.

11. Plan de Xestión de Emerxencias. Como no resto do PRUX, descoñécese a identidade dos redactores do Plan de Xestión de Emerxencias e, en consecuencia, non se pode comprobar se están ou non capacitados para redactar este plan que incide sobre distintas actividades e fenómenos adversos. A inclusión do Plan de Xestión de Emerxencias dentro do PRUX réstalle capacidade de adaptación pois a súa actualización/modificación queda vencellada á modificación do PRUX. Como se fai na maioría dos PRUX aprobados no territorio español, sería moi recomendable que neste apartado se contemplasen tan só os aspectos básicos do Plan de Xestión de Emerxencias, marcando os procesos ademais de redacción, aprobación e modificación, así como a(s) autoridade(s) responsable(s).

12. Organización administrativa:

- a. No borrador do PRUX séguese aludindo á figura e competencias do Director do Parque Natural (apartado 4.2.2.4), acorde co artigo 41.2 da Lei 9/2001. Pero na realidade esta figura foi suprimida *de facto* e substituída por un Xefe de Servizo de Parques Naturais que de acordo co Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (DOG 221, 19/11/2015), asume a "*dirección e xestión executiva ordinaria dos Parques Naturais*", incluíndo o "*seguimento das actuacións das xuntas consultivas dos devanditos espazos protexidos*" e tamén da "Reserva Nacional de Caza de Ancares", unha figura residual do franquismo que nada ten que ver cun espazo natural e menos aínda cun "Parque Natural".
- b. Despois de tres anos do novo modelo de xestión aplicado aos Parques Naturais de Galicia a valoración non pode ser máis negativa. Os Parques Naturais perderon os seus caracteres identitarios, transformándose en meros Parques Turísticos ou Parques Urbanos, nos que se tolera calquera tipo de



actividade, mesmo aquelas que están expresamente prohibidas na normativa.

- c. A Xunta de Galicia debería adoptar o antes posible un modelo de xestión máis eficiente, creando equipos profesionais e cualificados en cada un dos Parques Naturais, no que participen distintos profesionais (biólogos, ambientalistas, xeólogos, enxeñeiros de montes, xeógrafos, etc), recuperando a figura de Director de Parque Natural, e que desenvolvan a súa actividade ordinaria exclusivamente en cada Parque Natural.
 - d. O seguimento dos ecosistemas e dos seus compoñentes debe realizarse a través dun comité científico, independente da administración autonómica, formado por investigadores e representantes de ONG ambientais. De non ser así os informes de seguimento nunca serán cribles.
13. Vulneración da normativa vixente:
- a. O borrador do PRUX sometido ao trámite de exposición pública supón unha flagrante e continua vulneración da normativa da Unión Europea (Directiva Aves, Directiva Hábitat), da normativa española (Ley 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade) e da normativa galega (Lei 9/2001 de Conservación da Natureza), asumindo criterios e contemplando directrices contrarias aos obxectivos e obrigacións dun Parque Natural e das outras figuras de áreas protexidas que coinciden neste mesmo territorio.
 - b. O incumprimento da normativa ambiental polo PRUX tamén se materializa con disposicións contrarias, cando non contraditorias ás establecidas nos Plans de Ordenación dos Recursos Naturais que inciden neste espazo (PORN Parque Natural, PORN - Plan Director da Rede Natura 2000). Estas contradicións visualízanse especialmente en relación coa zonificación, e as directrices referidas aos temas de urbanismo e ordenación territorial; así como ás infraestruturas e obras, nas que se rebaixa o grao de protección do Parque Natural e dos compoñentes da biodiversidade e xeodiversidade. Expondo o PRUX criterios contrarios ao dos PORN cando por lei non teñen competencias, e de facelas quedan directamente anuladas por aplicación do artigo 19.2 da Ley 42/2007 de Patrimonio Natural e da Biodiversidade, no que se establece que "*Cando os instrumentos de ordenación territorial, urbanística, de recursos naturais e, en xeral, física, existentes resulten contraditorios cos Plans de Ordenación de Recursos Naturais deberán adaptarse a estes. En tanto dita adaptación non teña lugar, as determinacións dos Plans de Ordenación de Recursos Naturais aplicaranse, en todo caso, prevalecendo sobre os devanditos instrumentos*".
 - c. Incúmprese o artigo 29.2 da Ley 42/2007 pola descoordinación das normas de xestión entre o PRUX e o PORN, creando un todo incoherente, que xera unha gran inseguridade xurídica aos cidadáns, aos promotores de actividades e á propia administración autonómica.
 - d. O trámite realizado pola Consellería de Medio Ambiente incumpre o artigo 6.1 da Ley 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación Ambiental (BOE 296, 11/12/2013), deberán someterse a avaliación ambiental estratéxica. Procedemento do que non consta que se iniciou e menos aínda finalizado no caso do PRUX do Parque Natural, polo que a tramitación do expediente debería retraerse ao momento de inicio de dita Avaliación Ambiental Estratéxica.

Por todo o cal,

SOLICITA:

Que a Consellería de Medio Ambiente proceda de forma inmediata á anulación do actual documento e inicie os traballos para dotar ao Parque Natural dun PRUX:

1. Adaptado en todos os seus puntos á lexislación vixente de rango superior para evitar unha previsible declaración de nulidade en instancias xudiciais.
2. Redactado en base ao coñecemento científico-técnico dos compoñentes da biodiversidade e xeodiversidade presentes no Parque Natural, así como das necesidades de conservación destes compoñentes, garantindo esta a curto ou longo prazo.



3. Que ordene de forma obxectiva os usos e a xestión do Parque Natural, evitando ou minimizando toda afección sobre os compoñentes da biodiversidade e xeodiversidade que determinaron a declaración do Parque Natural.
4. Contando coa participación da sociedade, e especialmente dos centros de investigación e grupos de investigación, así como das organizacións non gobernamentais que traballan e colaboran na conservación da biodiversidade e xeodiversidade de Galicia.
5. Capaz de resolver os grandes retos que afectan a este espazo e que sexa crible e aceptado pola cidadanía.
6. Tendo en conta as presentes alegacións.

En Santiago de Compostela a 7 de novembro de 2018

O Presidente da SGHN,



Serafín González Prieto